

# REGA

# BASES

V PREMIOS  
LINGUA e EMPRESA  
CONCELLO de AMES

ATA O 18  
DE NOVEMBRO

2 PREMIOS  
DE 1.500€

Colabora



xea



Concello  
de AMES

Normalización Lingüística  
[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

# REGA

## Para que?

Para promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ames, concretamente na actividade empresarial, e para recoñecer publicamente a contribución ao aumento e á mellora do uso social do galego desde este sector.

## Para quen?

Para as empresas que teñan a súa sede social ou un centro de actividade no Concello de Ames.

## Que se valora?

O uso da lingua galega na actividade empresarial en todo o que teña que ver coa comunicación externa e interna, tanto oralmente como por escrito.

Tamén se terá en conta o impacto que a actividade empresarial poida ter en sectores especialmente relevantes para o proceso de normalización lingüística.

## Cales van ser os premios?

O premio ten unha dotación económica de 3.000 €, dividido en dúas categorías de 1.500 euros cada unha delas, máis unha campaña de difusión na Radio Municipal de Ames.

## E cales son as categorías?

A. Uso consolidado da lingua: empresas que realizan un uso estable e continuado da lingua galega desde hai máis de dous anos (anterior ao 01/10/2020).

B. Nova incorporación ou creación: empresas que se crearon nos últimos dous anos ou que incorporaron o galego á súa actividade nese mesmo período (desde o 01/10/20).

## Como me podo presentar?

Para presentarse cómpre  cubrir a ficha de participación  e seguir os pasos indicados nela. Esta ficha pode solicitarse no correo [normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal) ou descargala da web municipal [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

## Onde e cando presento a documentación?

De xeito telemático a través da sede electrónica do Concello de Ames ([sede.concellodeames.gal](http://sede.concellodeames.gal)), ou a través do correo electrónico [normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal)

O prazo de presentación remata o 18 de novembro de 2022 ás 14.00 h.

## E se teño dúbidas?

Podes contactar co Servizo de Normalización Lingüística (662 377 215 ou [normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal)).

As bases completas poden descargarse na web municipal [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)